



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.es
<http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo>



IES LAMAS DE CASTELO

Curso académico 2020/21

Xeografía e Historia

Programación didáctica

Xeografía e Historia

2º ESO

Programación didáctica

Xeografía e Historia

2º ESO

1. Introducción e contextualización	3
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliáveis	3
3. Obxectivos para a materia	4
4. Estándares de aprendizaxe avaliáveis	7
5. Concrecións metodolóxicas da materia	14
.5.1. Actividade lectiva presencial	14
.5.2. Actividade lectiva non presencial	15
6. Materiais e recursos didácticos	15
.6.1. Libros de texto:	15
.6.2. Material complementario	15
7. Criterios de avaliación e cualificación	16
.7.1. Criterios de avaliación	16
.7.2. Criterios de cualificación	16
.7.3. Recuperación de avaliacións pendentes, avaliación ordinaria de xuño e extraordinaria de setembro	17
8. Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes previas ao curso 2019-2020	18
9. Plan de seguimento do alumnado repetidor	18
10. Plan de recuperación para o alumnado que promocionou coa materia suspensa en base á adaptación da programación durante o curso 2019-2020	18
11. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados	19
12. Plan de reforzo para o alumnado que promocionou coa materia aprobada en base á adaptación da programación durante o curso 2019-2020	19
13. Medidas de atención á diversidade	19
14. Concreción dos elementos transversais	20
15. Actividades complementarias e extraescolares do departamento	20
16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora	21
17. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	21
18. Accións de contribución ao proxecto lector	21
19. Accións de contribución ao plan TIC	21
20. Accións de contribución ao plan de convivencia	22

1. *Introdución e contextualización*

Esta é a programación de 2º de ESO para o ano académico 2020/21, que será impartida no IES Lamas de Castelo. Está redactada tendo en conta o marco lexislativo establecido por:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación primaria a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta
- Real Decreto 665/2015, de 17 de julio, por el que se desarrollan determinadas disposiciones relativas al ejercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, la Formación Profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria
- Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- ORDE do 16 de setembro de 2020 pola que se ditan instrucións sobre o comezo do curso académico 2020/21 e pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/1361/2015, de 3 de xullo (BOE 9 de xullo 2015) nos aspectos de avaliación.
- Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na ESO (DOG do 7 de xaneiro de 2008) e Orde do 23 de xuño de 2008, pola que se modifica esta (DOG do 24 de xuño)

O IES Lamas de Castelo conta durante este curso con 69 alumnos/as e 15 docentes. Xeografía e Historia de 2º de ESO organízase nun grupo de 15 alumnos/as. A materia será impartida por Iago Fernández Sotelo, profesor de secundaria con destino definitivo no centro e xefe do departamento.

Xeografía e Historia de 2º de ESO pertence ao bloque de materias troncais e correspóndenlle 3 horas semanais.

2. *Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliábeis*

As competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. Segundo o decreto 86/2015, do 15 de Xullo, publicado no DOG 13-07-2007 a materia contribúe á consecución das sete competencias clave recollidas na normativa: comunicación lingüística (CCL), matemática e básica en ciencia e tecnoloxía (CMCCT), dixital (CD), aprender a aprender (CAA), sociais e cívicas (CSC), sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

- **Comunicación lingüística (CCL):** A lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, e así mesmo, adquirir un vocabulario preciso e específico das CC.SS. que deberá asumir o alumnado, como tamén a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** na parte de xeografía o traballo con gráficos lineais, de barras e sectoriais, os planos e a elaboración

de pirámides demográficas implican un manexo fluído de competencias matemáticas básicas coma o cálculo ou a conversión de unidades.

- **Competencia dixital (CD):** A presenza das novas tecnoloxías da información e da comunicación no mundo actual debe aproveitarse como unha vantaxe para o labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital. O emprego do canon na exposición das unidades e dos traballos en grupo, así como Internet para a procura de determinada información ou proxección de fragmentos de documentais potencia a competencia dixital nos discentes.
- **Aprender a aprender (CAA):** esta competencia supón iniciarse na aprendizaxe e continua dun xeito autónomo. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas. Os traballos de investigación en grupo permitirán ó alumno ser o gran protagonista nese proceso de aprender a aprender ampliando coñecementos sobre un tema .
- **Competencias sociais e cívicas (CSC) e Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** A descuberta da historia dos nosos antepasados a través dos seus fitos máis salientables no ámbito da política, a sociedade e a vida cotiá axudarán a potenciar as competencias sociais e cívicas, así como a competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor, por medio da planificación de proxectos en equipo, reforzando os conceptos dos valores democráticos, a participación cidadá e a toma de decisións responsables.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** A aproximación ás manifestacións artísticas dos nosos antepasados como na arte románica, gótica, islámica... permite o desenvolvemento desta competencia, xa que un dos obxectivos principais da materia é a constatación do mantemento das súas pegadas na actualidade que podemos observar nos museos e mesmo en edificios da contorna que seguen por exemplo a estética románica.

Segundo a orden ECD/65/2015 do 21 de Xaneiro de 2015, o desenvolvemento competencial do alumnado valorarase poñendo en relación os estándares de aprendizaxe coas competencias clave de xeito que se poida graduar o rendemento alcanzado en cada unha delas. O conxunto de estándares que se relacionan cunha mesma competencia dá lugar ao perfil desa competencia facilitando a avaliación competencial do alumnado. Este perfil competencial pode extraerse da táboa do apartado 4 que reflicte a relación entre os distintos estándares de aprendizaxe coas sete competencias clave sinaladas pola normativa en vigor.

3. Obxectivos para a materia

Os obxectivos son referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin. Na seguinte táboa relaciónanse os obxectivos da materia cos obxectivos da etapa.

Obxectivos da materia de Xeografía e Historia	Obxectivos de etapa
1. Explicar a fragmentación do Imperio Romano e o seu fin. Identificar ós pobos xermánicos que se instalaron posteriormente. Coñecer a extensión e a evolución do Imperio Romano de Oriente. Diferenciar a organización socioeconómica e cultural dos pobos xermánicos respecto a Bizancio.	a, c,d,g,l
2. Estudar as orixes do Islam, identificar os seus preceptos básicos e analizar as fases de expansión tras Mahoma. Coñecer a evolución político-económica do Califato (s. VII á conquista turca) e de Al-Andalus (evolución política, cultura, economía e sociedade).	a,c,d,f,h,l,n

<p>3. Describir e explicar a composición e os trazos da sociedade estamental medieval: modo de vida, nivel de riqueza e actividades económicas. Explicar o funcionamento do feudo e o tipo de relacións entre campesiños e señores feudais. Describir edificios característicos do mundo rural da Idade Media: o castelo, o mosteiro, as vivendas dos campesiños, etc.</p>	a, c,d,g,l
<p>4. Explicar os trazos distintivos do románico e do gótico nas súas diversas manifestacións artísticas: arquitectura, escultura e pintura, destacando os principais monumentos e manifestacións artísticas das terras galegas. Comprender a organización da Igrexa na Idade Media e as súas principais ordes relixiosas. Valorar a importancia do Camiño de Santiago na Idade Media como elemento revitalizante da economía e como vía de penetración das ideas e dos estilos artísticos.</p>	l,h,n,ñ
<p>5. Situar o nacemento dunha nova clase social: a burguesía e o seu vínculo coa cidade medieval. Recoñecer as actividades económicas que se desenvolvían na cidade, adicando unha especial atención ó funcionamento dos gremios.</p>	l,h,n
<p>6. Identificar as características e a evolución dos reinos cristiáns desde o século XII ata finais da Idade Media, adicando especial atención ó Reino de Galicia. Analizar as causas da Reconquista e o proceso de repoboamento dos territorios ocupados, localizando no mapa as etapas máis importantes. Coñecer a forma de goberno e as institucións dos Estados cristiáns da Península a partir do século XII, con especial atención ás institucións galegas.</p>	g, h,l,n,ñ
<p>7. Describir o medio físico de España e Galicia prestando atención ós elementos do relevo máis característicos así como as distintas variedades climáticas presentes no noso país e a nosa comunidade autónoma.</p>	b,e,f,g,h,m,ñ
<p>8. Identificar os factores da distribución da poboación na superficie da terra (clima, abundancia de recursos, etc.), entender o concepto de densidade de poboación e localizar no mapa os focos principais e secundarios de poboación. Entender os conceptos de taxa de natalidade, taxa de fecundidade, taxa de mortalidade e taxa de crecemento natural; saberlos calcular correctamente e valorar a información que nos achegan.</p>	b,c,f,g,h
<p>9. Analizar as fases da evolución da poboación mundial, comparando os réximes demográficos dos países pobres e ricos. Explicar as causas da baixa natalidade e as consecuencias do actual avellentamento da poboación nos países desenvolvidos, facendo especial fincapé nas series estatísticas de Galicia e de España. Analizar as características da poboación de Galicia e de España: índices de natalidade, esperanza de vida, pirámides de idade, distribución no territorio, describir o modelo demográfico dos países subdesenvolvidos e explicar as causas e as consecuencias dos seus elevados índices de natalidade.</p>	b,c,f,g,h
<p>10. Comprender as causas dos movementos migratorios e clasificar os distintos tipos de migracións segundo as causas, destino ó que se dirixen, a súa forma e a súa duración. Reflexionar sobre as consecuencias que xeran os</p>	b,c,f,g,h

<p>movementos migratorios nos territorios emisores e receptores de inmigrantes, valorando a necesidade de adoptar políticas migratorias que favorezan a integración e eviten os conflitos entre a sociedade emisora e receptora.</p>	
<p>11. Identificar os elementos que caracterizan a cidade e a evolución histórica do proceso de urbanización, comprendendo a configuración da actual rede urbana mundial e a súa xerarquización. Do mesmo xeito analizaranse os principais problemas que se orixinan para abastecer e planificar as cidades así como os seus diferentes tipos de contaminación, prestando unha especial atención ó caso das cidades españolas e as sete grandes cidades galegas.</p>	b,c,f,g,h,ñ

4. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

Os estándares de aprendizaxe son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuir a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

As seguintes táboas recollen a concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliável da súa temporalización, o grao mínimo de consecución esixido para superar a materia, os procedementos e instrumentos que se empregarán para a súa avaliación, os contidos e as competencias clave desenvolvidas para poder realizar o perfil competencial. Do mesmo xeito tamén se relaciona cada estándar de aprendizaxe co correspondente criterio de avaliación.

O grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe – agrupados por bloques de contidos o que favorece a súa organización docente- descríbese nunha escala de 1 a 4 co seguinte significado:

1: En vías de adquisición. 2: Adquirido. 3: Avanzado. 4: Excelente.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 1. O medio físico						
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Localización. Latitude e lonxitude. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. 	TODAS AS UNIDADES	3	<ul style="list-style-type: none"> - Proba de control - Observación directa - Actividades escritas 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CD
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. 	2º TRIMESTRE (UNIDADE 7)	3	<ul style="list-style-type: none"> - Proba de control - Observación directa - Actividades escritas 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CD CCL
<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. 	2º TRIMESTRE (UNIDADE 7)	2	<ul style="list-style-type: none"> - Proba de control - Observación directa - Actividades escritas 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CD
		<ul style="list-style-type: none"> XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. 				<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CD CCL
<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. 	2º TRIMESTRE (UNIDADE 7)	2	<ul style="list-style-type: none"> - Proba de control - Observación directa - Actividades escritas 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CD
		<ul style="list-style-type: none"> XHB1.4.2. Describe as 				<ul style="list-style-type: none"> CAA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 1. O medio físico						
		unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España. 	2º TRIMESTRE (UNIDADE 7)	2	- Proba de control - Observación directa - Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. 				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. 				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. 	2º TRIMESTRE (UNIDADE 7)	3	- Proba de control - Observación directa - Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. 	2º TRIMESTRE (UNIDADE 7)	2	- Proba de control - Observación directa - Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 2. O espazo humano						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as 		2	- Proba de control	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
movementos migratorios.	poboación e as migracións.	áreas máis densamente poboadas.	2º TRIMESTRE (UNIDADE 8)		-Observación directa - Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. 				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Poboación europea: distribución e evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea. 	2º TRIMESTRE (UNIDADE 8)	2	- Proba de control -Observación directa - Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSC ▪ CD
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. 				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. 	2º TRIMESTRE (UNIDADE 8)	2	- Proba de control -Observación directa - Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. 				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. 	2º TRIMESTRE (UNIDADE 8)	2	- Proba de control -Observación directa - Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Proceso de urbanización no planeta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. 	3º TRIMESTRE (UNIDADE 9)	2	- Proba de control -Observación directa	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. 			- Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CSC CD CCL
<ul style="list-style-type: none"> B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. 	3º TRIMESTRE (UNIDADE 9)	2	- Proba de control - Observación directa - Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CSC CD CCL
		<ul style="list-style-type: none"> XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente. 				<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CSC CD CCL
<ul style="list-style-type: none"> B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita. 	3º TRIMESTRE (UNIDADE 9)	3	- Proba de control - Observación directa - Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CSC CD CCL
<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles. 	2 TRIMESTRE (UNIDADE 7) 3º TRIMESTRE (UNIDADE 9)	2	- Proba de control - Observación directa - Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CSC CD CCL
		<ul style="list-style-type: none"> XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos. 				<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CCL CD
<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Paisaxes no territorio español e galego. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades 	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a 	2º TRIMESTRE (UNIDADE 7)	2	- Proba de control - Observación directa	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CSC

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
	autónomas.	través de imaxes.	3º TRIMESTRE (UNIDADE 9)		- Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Principais retos e problemas ambientais en España. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica. 	2º TRIMESTRE (UNIDADE 7) 3º TRIMESTRE (UNIDADE 9)	2 2 2	- Proba de control - Observación directa - Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 3. A historia						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. 	TODAS AS UNIDADES	3	- Proba de control - Observación directa - Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Fontes históricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. 	TODAS AS UNIDADES	2	- Proba de control - Observación directa - Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. 				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Cambio e continuidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. 	TODAS AS UNIDADES	3	- Proba de control - Observación directa - Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCC T
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e 				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCC

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
		mapas históricos.				T
<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Tempo histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía) 	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. 	TODAS AS UNIDADES	3	<ul style="list-style-type: none"> - Proba de control - Observación directa - Actividades escritas 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CMCC T
<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Vocabulario histórico e artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. 	TODAS AS UNIDADES	2	<ul style="list-style-type: none"> - Proba de control - Observación directa - Actividades escritas 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL
<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media). 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. 	1º TRIMESTRE (UNIDADE 1)	2	<ul style="list-style-type: none"> - Proba de control - Observación directa - Actividades escritas 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA
<ul style="list-style-type: none"> B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos 	1º TRIMESTRE (UNIDADE 1)	2	<ul style="list-style-type: none"> - Proba de control - Observación directa - Actividades escritas 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA
<ul style="list-style-type: none"> B3.8. Feudalismo. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesíños. 	1º TRIMESTRE (UNIDADE 2)	2	<ul style="list-style-type: none"> - Proba de control - Observación directa - Actividades escritas 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
<ul style="list-style-type: none"> B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. 	2º TRIMESTRE (UNIDADES 5 e 6)	2	<ul style="list-style-type: none"> - Proba de control - Observación directa - Actividades escritas 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CSC CCEC CMCC T CCL
<ul style="list-style-type: none"> B3.10. Reconquista e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.10. Entender o proceso das 	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.10.1. Interpreta mapas 		2		<ul style="list-style-type: none"> CSC

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
repopoación.	conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus.	que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica.	2º TRIMESTRE (UNIDADE 6)		- Proba de control -Observación directa - Actividades escritas	CAA
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. 				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. 	1º TRIMESTRE (UNIDADE 3)	2	- Proba de control -Observación directa - Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Arte románica, gótica e islámica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. 	1º TRIMESTRE (UNIDADE 4)	2	- Proba de control -Observación directa - Actividades escritas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL

5. Concrecións metodolóxicas da materia

5.1. Actividade lectiva presencial

- A metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados. Abrangue tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos/das docentes. O enfoque metodolóxico susténtase en “situacións de aprendizaxe”, que incorporan tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- **Xeografía e Historia trata de presentarse como unha materia aberta** que se vai construíndo pouco a pouco, a partir de descubrimentos sucesivos:
- Ó inicio de cada unidade amósanselles ós alumnos e alumnas distintas fontes, a través das cales descubren o contido concreto sobre o que versa o tema: artigos de opinión, traballos especializados, cine, libros, enlaces de Internet, etc.
- Pasamos a focalizar as claves da unidade, coas que lles anticipamos ós estudantes o que descubrirán no tema e formularemos unha interrogante dirixida a motivar o seu interese por iniciar o estudo. Estas actuacións complétanse con actividades sobre coñecementos previos (Que sabes do tema?) e a súa aplicación para resolver un problema cotián (“casos prácticos”), así como sobre o seu pensamento crítico (“a túa opinión”).
- **A organización dos contidos en tarefas:** tratan a información básica. A tarefa é unha unidade de aprendizaxe, con obxectivos e contidos específicos de “saber” e “saber facer”. Por isto, cada tarefa está composta dun texto expositivo e de documentos gráficos e textuais para que o alumnado poida exercitarse correctamente. Unhas preguntas formulan a cuestión central da aprendizaxe. As actividades refírense á tarefa, aínda que ocasionalmente se traballen aspectos relacionados con outras. As actividades máis xerais resérvanse para o final da unidade. A información acompáñase de actividades que reforcen a aprendizaxe dos contidos conceptuais: cuestións sobre as principais ideas e relacións e debate sobre algún aspecto polémico ou de aplicación á localidade ou a Galicia. Os documentos presentados ós estudantes por unidade rematan cunha ficha (traballo de investigación), que trata a análise dos mapas, gráficos, ilustracións e textos. O sistema de tarefas facilita a claridade nos obxectivos, a avaliación formativa axeitada e a atención á diversidade.
- **A metodoloxía** empregada basearase na combinación de técnicas construtivistas con outras estratexias de aprendizaxe para a consecución tanto da autonomía persoal, como o desenvolvemento das capacidades do alumnado. Neste sentido, optamos polas seguintes pautas:
- As prioridades do carácter formativo da ESO e da área en concreto, o que implica unha selección de contidos que contribúan a lograr unha actitude favorable do alumnado e fomenten a súa autonomía para identificar problemas e suxerir solucións. De aí a importancia de que os contidos conecten cos intereses persoais dos adolescentes.
- Consecución de aprendizaxes significativas que axuden á memorización comprensiva do aprendido e, ó mesmo tempo, leven a unha reflexión crítica sobre os contidos das aprendizaxes.
- Programación coherente e lóxica para que o alumnado poida, partindo dos seus coñecementos e ideas previas, integrar as novas aprendizaxes na súa estrutura cognoscitiva.
- Ampliación da noción de contidos: no só memorizar feitos, senón engadir como obxecto de aprendizaxe procedementos e destrezas que permitan captar e comprender no seu significado real o feito social. Do mesmo xeito, unha aprendizaxe que non forme en actitudes e valores non cumpriría un dos obxectivos claves da educación: o desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas e a súa integración na sociedade.
- Lograr aprendizaxes funcionais, analizando modelos e situacións que poidan ser empregados polos alumnos e alumnas para resolver problemas e enfrontarse a novas situacións de aprendizaxe.

- En definitiva, a metodoloxía proposta intenta promover unha aprendizaxe reflexiva e significativa, propoñendo problemas e interrogantes, modificando concepcións erróneas e aportando instrumentos de análise que permitan a construción e adquisición de nocións correctas.

Propoñemos as seguintes **estratexias de ensino–aprendizaxe**:

- Expositivas: fundamentais como soporte da aprendizaxe de feitos e conceptos. É necesario ter uns puntos de referencia, un método e unha estruturación para que calquera investigación chegue a ser viable e operativa.
- De indagación: trátase de enfrontar ó alumnado a situacións problemáticas nas que deben levar á praxe e empregar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes. Esta estratexia permítelles ós alumnos e alumnas ser os protagonistas da súa propia aprendizaxe así como ampliar a súa autonomía.
- De análise causal: os feitos sociais, históricos e xeográficos analizaranse desde o prisma das relacións causa-efecto e multicausalidade.
- Asemade, neste curso seguirase a traballar na introducción das TIC na aula xa que dispoñemos en 2º da ESO dunha aula abalar dotada con canon proxector, pizarra dixital e ordenadores portátiles para os alumnos.

.5.2. Actividade lectiva non presencial

Nunha hipotética suspensión da actividade docente estableceuse desde o departamento unha docencia de tipo telemático para o seguimento tal e como se detalla deseguido.

Metodoloxía

Tras unha hipotética suspensión da actividade docente establecerase desde o departamento unha docencia de tipo telemático. O medio de contacto é a aula virtual habitual á que se poderá acceder desde a web do centro.

Actividades

Actividades de reforzo que versarán sobre contidos xa traballados na aula (especialmente para o alumnado con maiores dificultades).

Actividades de ampliación sobre contidos explicados vía online. Estas actividades tratarán sobre estándares non vistos na aula pero que se consideran básicos para unha visión holística e tendo presente, que pola súa natureza, a materia non ten carácter de continuación nos seguintes cursos.

Materiais e recursos

Os materiais que se empregan son o libro de texto, materiais achegados polo profesor e medios audiovisuais online.

6. Materiais e recursos didácticos

.6.1. Libros de texto:

Para o actual ano académico contamos co libro de texto Xeografía e Historia 2º ESO da editorial Santillana (Proxecto Saber Facer).

.6.2. Material complementario

Ademais contamos no centro cunha colección de filmes idóneos para traballar as distintas temáticas da materia, colección de documentais sobre grandes personaxes históricos así como libros na biblioteca do centro sobre todos os temas tratados.

7. Criterios de avaliación e cualificación

7.1. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina. Nas táboas do apartado 4 pódense observar o criterios de avaliación da materia.

7.2. Criterios de cualificación

No que se refire á cualificación temos que ter en conta que á hora de cualificar numericamente ós discentes nas distintas avaliacións do curso, valoraremos as probas escritas e orais, os traballos de investigación e actividades realizadas polo alumnado na aula e na casa, así como o traballo diario.

- **Probas escritas e orais**

En cada avaliación realizarase un mínimo dunha e un máximo de tres probas escritas sobre os contidos traballados. Nas probas realizadas, onde se combinan preguntas curtas, de desenvolver, definicións... non procuramos unha aprendizaxe eminentemente memorística, senón que buscamos que os alumnos relacionen contidos. En consecuencia, as preguntas de desenvolver, idóneas para relacionar os contidos, terán un peso maior na puntuación global dos exames. No inicio do curso os alumnos serán informados dos criterios de cualificación acordados por este departamento, se ben incidiremos especialmente nunha serie de normas que os discentes deben ter claras no momento da realización das distintas probas. As normas son as seguintes:

- ✓ Se o profesor da materia observa que un alumno fai trampas durante a realización do exame (enténdase copiar), o alumno obterá unha cualificación de 0 puntos no mesmo.
- ✓ Os exames deben ser realizados con bolígrafo de cor negro ou azul, nunca a lapis. Aquelas preguntas contestadas a lapis non serán corrixiadas e a cualificación nas mesmas será de 0 puntos.

No caso daqueles alumnos que sistematicamente non fagan as actividades solicitadas e/ou deixen o exame en branco ou practicamente en branco, poderase considerar como abandono da materia. Esta actitude por parte do/s discente/s será comunicada ó titor/a para que á súa vez llo comunique ós pais do alumno. O obxectivo é reconducir o proceso de aprendizaxe do discente en vías da consecución dos obxectivos marcados no curso.

As probas realizadas polo alumno durante cada avaliación suporá o 70% da nota final. O exame está puntuado sobre 10 puntos.

- **Traballos e/ou actividades específicas**

En cada trimestre poderanse encargar un sinxelo traballo de investigación e documentación e que será cualificado de 0 a 10. Dito traballo haberá de ser entregado na data límite que se indicará previamente por parte do profesor.

Ademais da parte escrita, o traballo deberá ser exposto en aulas, de maneira que se practique tamén a expresión oral e/ou o uso das TIC. Para a súa realización chegado o momento, o profesor indicará cal é a temática e o proceso a seguir para a súa realización.

Incluimos aquí tamén tarefas específicas recollidas polo profesor para a súa cualificación. O profesor fixará unha data de entrega para as actividades que debe ser respectada. No caso de que un alumno/a entregue a actividade fóra de prazo o profesor cualificará a actividade como N/E, o que non exime de que a actividade sexa entregada ao alumno corrixiada como se ven facendo.

Este apartado suporá un 15% da nota final. No caso de non facerse un traballo de investigación ou tarefa concretos nunha avaliación esta porcentaxe incluírase no apartado "traballo diario" que, deste xeito, terá un valor de ponderación- do 30%.

- **Traballo diario: (a) realización de tarefas, (b) caderno e (c) actitude**

(a) As actividades que realiza o discente na aula e na casa son tamén obxecto de avaliación por parte do docente. Nas actividades realizadas na aula terase en conta se o alumno se centra no seu traballo ou se dispersa. O profesor revisará os cadernos dos alumnos anotando o nome daqueles que non realizaron as

tarefas indicadas. Necesariamente todo o alumnado participará na corrección dos exercicios (normalmente de maneira oral), e o profesor tomará nota das intervencións dos alumnos. Este sistema permite ó docente contar con varias notas de cada un dos alumnos.

(b) O caderno é o instrumento básico no que o alumnado irá reflectindo o seu traballo diario tanto dentro da aula como fóra dela. E por iso que tamén será obxecto de revisión cando o profesor así o considere oportuno.

(c) A actitude e o esforzo que os discentes amosan durante as clases e na realización das tarefas tamén serán avaliados. No referente á actitude, partimos da base de que o bo comportamento non se premia, xa que debe ser a norma, e o que se castiga é o mal comportamento, a excepción á norma. Entenderase por mal comportamento: as interrupcións das explicacións do docente, as chamadas de atención a un alumno por estar a falar cun compañeiro ou mal sentado; as faltas de respecto entre compañeiros; as faltas de respecto ó profesor, non traer o material, non facer as tarefas indicadas ... Espérase por parte do alumnado unha actitude positiva de cara a materia, valorándose a súa participación voluntaria nas actividades, o seu traballo, que asuma os seus erros, non proteste sen fundamentos, se sobrepoña ás adversidades -enténdase unha mala cualificación nun exame por exemplo

As cualificacións acadadas polos alumnos este apartado suporán o 15% da súa cualificación final en cada unha das avaliacións.

Finalmente, computaranse todas as notas de cada alumno e procederemos a facer a media correspondente.

Cómpre por último sinalar que o redondeo das cualificacións en cada avaliación farase a partires de 0,75 sempre que a actitude e evolución da alumna/o sexa positiva e continuada no tempo.

.7.3. Recuperación de avaliacións pendentes, avaliación ordinaria de xuño e extraordinaria de setembro

Xa para rematar con este apartado da nosa programación debemos ter presente que a avaliación final de xuño reflecte o resultado da avaliación continua do alumnado durante o curso, pero convén indicar que se levarán a cabo distintos exames de recuperación, podendo producirse as seguintes situacións:

A- Se o alumno suspende a 1ª avaliación, nos primeiros días de clase tras a volta das vacacións de nadal realizará un exame de recuperación similar ós que se fixeron nese trimestre e que incluírá todos os contidos que foron traballados nel. No caso de non aprobar a recuperación, a finais de curso, no mes de xuño, terá unha nova oportunidade para recuperar esa avaliación

B- Se o alumno suspende a 2ª avaliación, nos primeiros días de clase tras a entrega das notas realizará un exame de recuperación similar ós que se fixeron nese trimestre e que incluírá todos os contidos que foron traballados nel. No caso de non aprobar a recuperación, a finais de curso, no mes de xuño, terá unha nova oportunidade para recuperar esa avaliación

C- Se o alumno suspende a 3ª avaliación, realizará un exame de recuperación na última semana antes da entrega das notas de xuño.

Este exame de recuperación do mes xuño só o poderán realizar aqueles alumnos que teñan unha avaliación suspensa. Como norma xeral, aqueles que teñan dúas avaliacións cunha cualificación negativa e sen progresión evidente terán que ir á recuperación de setembro.

Aqueles alumnos que despois das probas de recuperación mencionadas anteriormente sigan tendo algunha avaliación pendente terán, na avaliación ordinaria de xuño, unha cualificación de suspenso, debendo presentarse ao exame de setembro coa totalidade da materia.

A proba de setembro consistirá nun exame escrito similar ós realizados durante o curso, onde se combinarán distintos modelos de preguntas – definicións, preguntas curtas, pregunta tema de desenvolver...

8. Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes previas ao curso 2019-2020

Non hai alumnado coa materia pendente antes do curso 2019-2020.

9. Plan de seguimento do alumnado repetidor

Segundo o Plan específico para o alumnado repetidor, e recollidas as dificultades individuais dos alumnos repetidores para superar os obxectivos desta materia durante o curso anterior, establécese un programa específico individual que inclúe actividades de aprendizaxe semanal. Entre estas actividades podemos indicar: traballo de análise de gráficas económicas, elaboración de eixos cronolóxicos, mapas conceptuais...

Este programa será comunicado aos titores para que llelo comuniquen ás familias e promovan a implicación destas no seguimento. Terá un seguimento trimestral nas sesións de avaliación.

Tamén se poderá informar ó alumnado con boletíns individualizados, de xeito semellante ó que se fai co alumnado con materias pendentes.

O profesor de materia informará ó titor dos aspectos académicos do alumnado mediante follas estandarizadas.

10. Plan de recuperación para o alumnado que promocionou coa materia suspena en base á adaptación da programación durante o curso 2019-2020

A avaliación do traballo e das probas para o grupo de alumnos e alumnas coa materia de Xeografía e Historia de 2º pendente será realizada polo profesor do departamento que imparta a materia. Neste curso académico hai 1 alumno de 3º da ESO coa materia de Xeografía e Historia de 2º pendente que será examinado da materia vista durante o ensino presencial.

Desde o departamento propóñense unha serie de actividades de apoio e reforzo, de carácter non obrigatorio, que permitan un seguimento dos progresos ou dificultades do alumnado, axudando a subsanalos. O profesor encargado entregaralle ós alumnos, cunha periodicidade trimestral, fichas ou actividades de apoio e reforzo da materia pendente para facilitarlles o estudo e a superación da materia nas probas parciais.

No momento en que os alumnos non fagan as actividades mandadas ou as entreguen fóra do prazo de tempo marcado, non se lle subministrarán novas actividades e se poñerá en coñecemento do titor de pendentes para que lle comunique ás familias. Aínda así, este feito non os eximirá de poder presentarse as dúas probas parciais programadas.

Segundo a Orde do 30 de setembro de 2004, sobre avaliación, promoción e titulación na educación secundaria obrigatoria como consecuencia do disposto no Real decreto 1312/2004, do 28 de maio (DOG 22-X-2004), dende o Departamento, establécese:

- Realizar dúas sesións finais de avaliación, antes das correspondentes ao curso no que estea matriculado o/a alumno/a:
 - Ordinaria: Maio.
 - Extraordinaria: Setembro (Na 1ª semana).
- Ademais realizaranse dous exames parciais: O primeiro entre o 14 e o 18 de xaneiro e o segundo entre o 1 e o 5 de abril, nos que se avaliará a materia correspondente aos temas que se recollen a continuación para cada proba. Para poder acceder a estas probas parciais non será obrigatoria a presentación das tarefas encomendadas, aínda que o feito de entregalas facilitaralle ó discente en gran medida a preparación da proba.
- Superadas estas dúas probas parciais, o/a alumno/a terá a materia superada. En caso contrario, deberá examinarse da materia completa no exame final ordinario do mes de maio, e no caso de non aprobar, no exame final extraordinario do mes de setembro.
- Os criterios de avaliación serán os mesmos que aparecen na programación para o curso correspondente, agás no relativo ao traballo diario por tratarse dunha proba de materias pendentes.
- En todo caso, os profesores do Departamento estarán a disposición do alumnado para facilitarlles exercicios para preparar ditas probas e solucionar posibles dúbidas relacionadas coas actividades programadas para a recuperación das materias pendentes.

11. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

Nas primeiras sesións do curso académico o alumnado realiza unha proba de avaliación inicial con preguntas sobre os temas que se van a traballar nesta materia durante este curso académico. A proba realízase novamente nas últimas sesións do curso para ver a evolución dos discentes, xa que partimos da base de que moitos dos contidos que se ven neste curso nunca foron traballados polo alumnado. A proba, non obstante, serve ó docente para comprobar que coñecementos teñen sobre o tema, xa que a pesar de non traballalos con anterioridade na escola, hai que ter en conta que a televisión, prensa, conversas no ámbito familiar, Internet... ofrece moitas posibilidades de achegarse a estes temas.

Os resultados obtidos pónense en coñecemento dos outros docentes na reunión de avaliación inicial que ten lugar no centro a comezos do mes de outubro. Os resultados permiten establecer o nivel medio do alumnado e detectar posibles problemas que así poderán ser atendidos dun modo máis completo desde o inicio do curso polo profesor encargado da materia, contando tamén, de ser o caso, coa axuda da orientadora e/ou a profesora de pedagogía terapéutica.

12. Plan de reforzo para o alumnado que promocionou coa materia aprobada en base á adaptación da programación durante o curso 2019-2020

Durante a primeira avaliación aproveitaranse as semanas do mes de setembro para sintetizar os contidos que se consideran nucleares para o desenvolvemento do currículo correspondente ao curso actual. Así e todo como se deixou constancia na documentación de adaptación á situación COVID do pasado ano académico, durante a docencia telemática viuse a totalidade da materia.

13. Medidas de atención á diversidade

No ensino temos a obrigatoriedade de impartir os mesmos coñecementos a estudantes con distintas necesidades, expectativas, capacidades e formación de base.

O primeiro paso é detectar o nivel de coñecementos previos e a motivación dos alumnos e alumnas mediante a proposta de reflexións iniciais sinxelas. Unha vez realizada esta tarefa, presentaráselles ós rapaces e rapazas unhas actividades con distinto grao de complexidade, de modo que o profesor poida seleccionar as actividades adaptadas ás capacidades de cada alumno ou alumna.

O profesorado proporciona o material necesario para traballar con aqueles alumnos e alumnas que non obtivesen unha avaliación positiva. O material empregado ofrece as seguintes vantaxes:

- A selección estrita de todos aqueles contidos básicos e fundamentais de cada unha das unidades do curso.
- A preocupación pola motivación e por fomentar a curiosidade e o interese, que adoita ser un dos problemas básicos dos alumnos e alumnas que se enfrontan á área de Ciencias Sociais. Isto lógrase a través de:
 - A aplicación dos contidos á resolución de problemas ligados coa vida cotiá ou que sexan chocantes e enigmáticos. É un enfoque máis práctico ca teórico.
 - A variedade dos tipos de actividades, moitas delas de presentación máis lúdica cás habituais nun libro de texto ou nos apuntamentos.
 - O repaso dos contidos adquiridos, permitindo un traballo autónomo en función das necesidades dos alumnos.
- A preferencia polas actividades metodolóxicas máis ca conceptuais. Trátase de exercitar ós alumnos e alumnas nas destrezas intelectuais máis básicas:
 - Observación, descrición e rexistro de datos.
 - Análise de elementos, factores, cambios e permanencias.
 - Comprensión de textos.
 - Expresión escrita axeitada.
 - Síntese de coñecementos.

- Elaboración e interpretación de textos, mapas, planos, bosquejos, gráficos, series estatísticas, etc.

Outros recursos a empregar:

Existe unha gran diversidade de elementos que poden ser fundamentais á hora de motivar ós alumnos e de atender á súa diversidade:

- CD-ROM (formato dixital).- Incorpora elementos multimedia e interactivos en cada unidade: simulacións, vídeos, enlaces de Internet, mapas activos, música, etc. As súas grandes vantaxes son, xa que logo, a riqueza de contidos de tipo multimedia e a súa contextualización co libro de texto, é dicir, no ritmo da clase.
- Máis recursos, contextualizados coa unidade correspondente. Poden ser de distinto tipo:
 - Enderezos útiles de Internet.
 - Documentos de didáctica da área e de actualización científica.
 - Recursos de aula: recortes de prensa, fichas de ampliación, etc.

14. Concreción dos elementos transversais

1. Comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e da comunicación, emprendemento, e educación cívica e constitucional.

A realización de esquemas, resumos, lectura de fragmentos de obras de autores clásicos e busca de bibliografía para a realización dos traballos en grupo entre outros debe potenciar a súa comprensión lectora. Os debates, nos que se respecte as quendas de palabra poñerán a proba a educación cívica do alumnado. As diferentes fases de realización das actividades individuais e sobre todo as que se fan en grupo (deseño, preparación, elaboración e presentación dos materiais) deben permitir que se consiga a participación do alumnado cunha actitude receptiva, colaboradora e tolerante.

2. Igualdade efectiva entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

O alumno debe tomar conciencia dos fenómenos de discriminación sexista que se producen na actualidade así como dos que se produciron noutros períodos históricos obxecto de estudo nesta materia, por exemplo o papel da muller nas sociedades prehistóricas ou na grega e romana. Esta visión de discriminación do xénero feminino debe de ser desterrada.

3. Creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

Os traballos de investigación en grupo e as correspondentes actividades de discusión e de posta en común realizadas por toda a clase poñen de manifesto as diferencias de capacidade, de opinión e de potencialidade de cada discente. Convén que os propios alumnos e alumnas distribúan as tarefas dentro do grupo, atendendo ás preferencias e calidades de cada persoa. A exposición dos traballos en grupo fomentarán tamén a creatividade e búscase que potencien a confianza en si mesmos.

4. Educación e seguridade viaria

As visitas culturais a lugares de uso público, como museos, monumentos ou a asistencia á representación teatral prevista son útiles non so por incidir no interese por coñecer e conservar o patrimonio artístico e cultural da nosa sociedade e o doutras culturas senón tamén porque o feito de desprazarse ata un entorno urbano distinto do do centro educativo leva a que se comporten correctamente como usuarios da vía pública, respectando as normas.

15. Actividades complementarias e extraescolares do departamento

Debido á situación de emerxencia sanitaria ocasionada pola COVID-19 non se contemplan actividades durante o curso 2020-2021

16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

Os profesores debemos revisar, avaliar e modificar a nosa programación en aras de conseguir uns mellores resultados dos nosos alumnos. A información achegada polo seguimento da aprendizaxe dos discentes permitíranos determinar a validez do noso deseño didáctico.

Farémonos ademais preguntas como as seguintes:

- Os obxectivos formulados axustáronse ás posibilidades reais do alumnado?
- Seleccionamos con coherencia as actividades e os principios de intervención educativa?
- Existiu adecuación entre os contidos seleccionados e os criterios de avaliación?
- Foron suficientes o número de sesións empregadas para traballar cada unidade?
- As estratexias para xerar un clima de confianza, respecto e afecto na aula foron adecuadas e suficientes?
- Revisamos a nosa actuación para ir mellorando a intervención educativa e os logros do alumnado?

17. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

No referente a análise das porcentaxes de aprobados, estableceremos comparacións con anos anteriores e buscaremos factores comúns que poidan incidir en resultados demasiado baixos, traducido isto nun número elevado de suspensos. Tamén se pasarán probas de autoavaliación anónimas para que o alumnado achegue as súas opinións sobre cada unha das materias impartidas polo departamento.

18. Accións de contribución ao proxecto lector

A lectura constitúe un factor esencial para o desenvolvemento das competencias básicas. Nesta materia haberá sempre un tempo específico adicado á lectura, tanto na propia aula (mitos, fragmentos de obras de autores clásicos...) coma por parte do alumnado nos traballos complementarios que teña que realizar ou na procura de información pola súa conta (Internet, dicionarios enciclopédicos, bibliografía complementaria...).

Deste xeito, e de acordo co proxecto lector do centro, a lectura será parte importante en todas as materias das que se encarga o departamento e, máis aínda, a lectura en galego. Consideramos, asemade, que ademais de ler, o alumnado precisa desenvolver unha destreza básica de aprendizaxe como é a lectura comprensiva, o que supón traballar de cheo habilidades e destrezas imprescindibles para unha axeitada comprensión lectora tales coma o subliñado, a identificación de ideas principais e secundarias ou facer esquemas, mapas conceptuais ou outras técnicas de estudio a partires dunha lectura ben aproveitada.

Deste xeito, e de acordo co proxecto lector do centro, a lectura será parte importante en todas as materias das que se encarga o departamento e, máis aínda, a lectura en galego, adicándolle un tempo mínimo por sesión entre 10 e 12 minutos. Tendo en conta que se precisan unha media de 6-7 sesións por unidade didáctica traballada, estamos dedicando á lectura na aula máis dunha hora de tempo.

19. Accións de contribución ao plan TIC

O Departamento de Xeografía e Historia. implícase de cheo no proxecto de introdución e aproveitamento das TIC no centro.

No referente ás tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), o departamento de Xeografía e Historia pretende a consecución dos seguintes obxectivos:

- Introducción de actividades relacionadas coas TIC na programación anual.
- Realización de varias actividades na aula de informática
- Utilización do canon proxector durante as explicacións teóricas.

Asemade, continúaase a traballar na confección do sitio web de Xeografía e Historia da páxina do centro: novas relacionadas con aspectos tratados na aula, enlaces a revistas e outras publicacións, visitas virtuais a museos, webquests.

20. Accións de contribución ao plan de convivencia

O plan de convivencia debe ter como obxectivo garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación. A convivencia escolar é un valor social que debe ensinársese, promoverse e conquistarse. Esta é unha responsabilidade compartida entre todos os membros da comunidade educativa, en especial profesorado e familias.

Dende este departamento trátase de contribuír ao plan de convivencia evitando os conflitos, incidindo para isto no diálogo e no carácter recuperador, educador e reparador da intervención e a coordinación do profesorado, coas familias, con outros organismos e asociacións e cos centros adscritos.

Este departamento establece dende o comezo de curso unhas pautas de comportamento nas aulas e tamén dentro do centro, incidindo sobre todo no grupo de 4º que deben converterse en referencia para os seus compañeiros, sendo o espello ou modelo a imitar por alumnos de outros cursos máis baixos

Tamén resultará importante manter un contacto fluído coas familias quedando á súa disposición (tanto na faceta de profesores como na de tutores) co fin de mantelos debidamente informados de calquera problema ou situación relevante que se producise.

Carnota, 9 de outubro de 2020

O xefe do departamento

Iago Fernández Sotelo